

CPR San José

Princesa 1, 36002 Pontevedra
www.cprsanjose.es

Tlf. 986 861 990 Fax. 986 850 751 cpr.sanjose.pontevedra@edu.xunta.es

EDUCACIÓN PRIMARIA

Horario

Entrega do material escolar: 7 e 8 de setembro de 9.30 a 13.30 h.

Comezo do curso 2020/2021: 10 de setembro

1º ciclo de primaria: 9.30 h.

2º e 3º ciclo de primaria: 9.00 h.

Horario lectivo de setembro a xuño: 9.00 a 14.00 h.

Apertura do centro (de outubro a maio): 8.55 a 14.05 h.

16.00 a 18.00 h. (luns a xoves)

(xuño): 8.55 a 14.05 h.

16.00 a 17.00 h. (luns a xoves)

Actividades extraescolares (de outubro a maio): 16.00 a 18.00 h.

Entradas e saídas

- Exixirase máxima puntualidade nas entradas e nas saídas (9.00/13.55 h.)
- Os pais non poderán entrar dentro da aula para deixar ou recoller aos alumnos.
- Sempre que se produza unha entrada e unha saída dentro do horario escolar, (cita médica, xestións,...) deberase deixar constancia por escrito da mesma.
- As persoas que recollan aos alumnos no centro deberán estar previamente autorizados por escrito (nome, apelidos e DNI) polos pais, nais ou titores.

Merenda

- Aconsellamos que a merenda sexa sá e doada de comer de maneira autónoma.
- Os nenos traerán un botellín de auga.

Anuncios


- Publicaranse as informacións máis relevantes no taboleiro da entrada do colexio, no blog (www.colegiosanjoseponte.blogspot.com.es) e na páxina web (www.cprsanjose.es) do centro.
- Aconsellamos revisar periodicamente as novidades para estar ben informados.

Administración de medicación

- Para administración de menciñas, no horario lectivo, debemos dispoñer dunha autorización escrita dos pais ou titores do alumno, o nome da menciña, a dose, a maneira de administralo e o horario preciso de administración.

Xoguetes

- O alumno non poderá traer xoguetes da casa, co fin de evitar perdas, roturas e conflitos



CPR San José

Princesa 1, 36002 Pontevedra
www.cprsanjose.es

Tlf. 986 861 990 Fax. 986 850 751 cpr.sanjose.pontevedra@edu.xunta.es

Aniversarios

- As invitacións dos cumpreanos non se repartirán dentro do centro.

Faltas asistencia

Os alumnos, que por algún motivo, non puideran asistir ao centro, deberán presentar un xustificante por escrito que acredite a causa de dita ausencia.

Uniforme escolar

Uniforme

- Camisa ou polo branco liso (sen puntillas ou calquera tipo de bordado e debuxo)
- Chaqueta ou xersei vermello con vivo gris marengo
- Saia plisada ou pantalón (longo ou curto) gris marengo
- Medias ou calcetíns vermellos
- Zapato negro

Mandilón

- Mandilón correspondente ao uniforme (cadros brancos pequenos con liña azul clara, sen plisados nin travillas)

Chándal

- Chaqueta vermello e gris marengo co escudo do colexio en branco
- Pantalón longo gris marengo con raia lateral vermella ou pantalón curto por riba do xeonllo
- Camiseta vermella co escudo do centro en branco
- Calcetíns de deporte branco sen debuxos
- Deportivos

O uso do chándal do colexio e o zapato deportivo será necesario nas clases de educación física. Cando asistan ao pavillón deberán traer outro xogo de deportivos, nunha mochila a parte.

1º E.P	2º E.P.	3ºE.P.	4º E.P.	5º E.P.	6º E.P.
Martes e venres	Martes e venres	Luns e xoves	Martes e xoves	Luns e mércores	Luns e mércores
Martes pavillón	Venres pavillón	Xoves pavillón		Luns e mércores pavillón	

- ★ Todas as prendas virán obrigatoriamente marcadas co nome e o primeiro apelido do alumno para poder identificalas con facilidade.

Todas as normas establecidas neste momento estarán suxeitas a cambios en setembro debido a situación actual por COVID-19.